

4.2. Investigación e tecnoloxía

Ao longo do ano 2006 (último dato dispoñible) redúcese lixeiramente elevada orientación científico-académica da actividade investigadora en Galicia. O entorno público (universidades e administración pública) concentra nese ano o 55,9% do gasto interno en I+D e o 63,5% do persoal empregado nestas actividades, cando no ano anterior esas porcentaxes eran do (56,6% e 68,4%, respectivamente). Asemade, cómpre salientar o mantemento dunha asignación de recursos netamente inferior á media española.

A pesar dun novo incremento do gasto interno en I+D superior ao dez por cento en relación ao ano anterior, aumentou a brecha con respecto ao Estado no que ao esforzo investidor se refire. Galicia dedicou o 0,89% do seu PIB a estas actividades, lonxe do 1,20% de media española e do 1,84% de media en Europa. O gasto interno por habitante e en termos de persoal ocupado en equivalencia a xornada completa representa o 62% e o 86,8% da media española, respectivamente. Asemade, o gasto en I+D por investigador medrou un 25% en 2006, representando o 84,9% da media estatal (74,5% en 2005).

Ao longo do último ano descendeu novamente o número de solicitudes de invencións (patentes e modelos de utilidade), caendo o seu peso relativo sobre o total estatal ata o 3,9%. Este nivel hai que consideralo como baixo, sobre todo, se se compara coa importancia relativa galega en termos de poboación ou de actividade económica.

Con datos relativos á execución orzamentaria de 2007, o investimento total vinculado ao Plan Galego de I+D 2006-2010 asociado á Consellería de Innovación e Industria ascendeu a 114,4 millóns de euros, dos que 58,9 millóns corresponden ao programa asignado ao desenvolvemento do Plan, 32,4 millóns de euros ao programa de gasto para investigación universitaria e 23,1 millóns de euros, ao crédito para apoio á modernización empresarial. Estas cifras reflicten que o grado de execución orzamentaria desta Consellería foi do 92%.

Gran parte deste presuposto "executouse mediante convocatoria pública de axudas, na súa totalidade como subvencións a fondo perdido para realizacións de proxectos de investigación básica e aplicada e outras accións de innovación (estudos de viabilidade, pro-

Orzamento das funcións de Investigación, desenvolvemento e innovación e da Sociedade da información e do coñecemento para o exercicio 2007: distribución segundo programa e consellería

	561-A	561-B	571-A	572-A	Total	
	(en miles de €)				(%)	
Innovación e Industria	67.710,7	33.746,8	8.304,5	21.493,5	108.930,8	73,1
Medio Rural	9.254,0	-	-	-	5.970,0	4,0
Pesca e Asuntos Marítimos	6.770,6	-	-	-	4.174,7	2,8
Medio Ambiente e Desenv. Sostible	1.815,0	-	-	-	1.770,1	1,2
TOTAL	85.550,3	33.746,8	8.304,5	21.493,5	149.095,1	100

561 A- Plan Galego de Investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica

561 B- Investigación universitaria

571 A- Fomento da sociedade da información e do coñecemento

572 A- Desenvolvemento infraestruturas e empresarial da sociedade

Fonte: Xunta de Galicia, Presupostos xerais da C.A.

4.2.1.

Gastos internos totais e persoal en I+D nas CC.AA. 2005-06

	2005		2006		06/05	
	Gastos internos (miles de €)	Persoal (1)	Gastos internos (miles de €)	Persoal (1)	Gastos internos (%)	Persoal (1)
Andalucía	1.051.028	18.803	1.213.816	21.009	15,5	11,7
Aragón	221.261	5.285	263.428	5.886	19,1	11,4
Asturias	137.810	2.698	188.113	2.990	36,5	10,8
Baleares	61.505	1.283	70.655	1.354	14,9	5,5
Canarias	214.217	4.418	254.510	4.836	18,8	9,5
Cantabria	51.574	1.047	98.100	1.601	90,2	52,9
Castela e León	436.552	8.571	511.334	9.219	17,1	7,6
Castela-A Mancha	126.589	2.211	155.704	2.269	23,0	2,6
Cataluña	2.302.350	37.862	2.614.383	40.867	13,6	7,9
C. Valenciana	867.666	15.256	913.161	15.722	5,2	3,1
Extremadura	103.250	1.568	117.288	1.808	13,6	15,3
Galicia	405.196	8.496	449.522	8.281	10,9	- 2,5
Madrid	2.913.163	44.480	3.415.991	48.036	17,3	8,0
Murcia	170.099	4.237	192.516	5.032	13,2	18,8
Navarra	257.967	4.493	316.978	5.277	22,9	17,5
País Vasco	829.025	13.124	959.393	13.714	15,7	4,5
A Rioxa	44.194	885	75.127	993	70,0	12,2
Ceuta e Melilla	3.424	57	5.202	84		
Total	10.196.870	174.773	11.815.221	188.978	15,9	8,1

(1) Persoal en equivalencia a xornada completa

Fonte: INE, Estadística sobre actividades de I+D

4.2.2.


xectos de innovación, creación e consolidación de plataformas tecnolóxicas, protección de propiedade industrial, ...)”. O importe das axudas concedidas nas convocatorias do INCITE 2007 acendeu a 105,6 millóns de euros, un 15,3% máis que o executado a través de convocatoria pública de axudas no exercicio anterior.

Indicadores de I+D+i

A pesar do incremento do 10,9% dos recursos empregados nas actividades de I+D en Galicia, ao longo do exercicio 2006 se amplía a brecha co resto do Estado no que ao esforzo investidor en investigación e desenvolvemento tecnolóxico se refire. O gasto interno galego ascendeu ata aos 449,5 millóns de euros, sendo a participación do gasto en I+D no PIB do 0,89%, moi por baixo da media estatal, que é do 1,20%. O gasto galego per cápita ascendeu a 162,13 euros, o 62% da media española, e o investimento por persoa ocupada nestas actividades en xornada completa, a 54,7 miles de euros (86,8% da media estatal).

O peso relativo do investimento galego no total estatal descendeu lixeiramente ata o 3,8%, dúas décimas menos que no ano precedente. Ao igual que en anos anteriores, man-

Esforo investidor de Galicia e España en I+D 2001-06



Fonte: INE, Estadística sobre actividades de I+D
(1) Tómanse os datos do PIB a prezos de mercado, prezos correntes (base 2000)

4.2.3.

tense a elevada concentración deste gasto en poucas comunidades autónomas, ao acoller Cataluña e Madrid máis da metade do gasto total interno en I+D e soamente cinco CC.AA. (as devanditas Cataluña e Madrid, xunto a Andalucía, País Vasco e a C. Valenciana) o 77,2% do gasto interno (78,1% en 2005).

A pesar de que en 2006 se rexistrou unha certa aproximación aos niveis medios do conxunto do Estado, Galicia caracterízase polo forte predominio do entorno público (universidades e administración pública), que acolle o 55,9% do gasto total (11,6 puntos máis que a media española). O investimento privado representa en Galicia o 44,1% do gasto (55,7% en España).

No último ano, Galicia sitúase como a oitava comunidade autónoma coa maior importancia relativa do gasto público, por detrás de Estremadura, Baleares, Canarias, Andalucía, Cantabria, a C. Valenciana e Murcia.

No concernente ao persoal empregado en Galicia nas actividades de I+D, este desce en 2006 ata as 8.281 persoas (**cadro 4.2.7.**), o que representa o 4,4% do total estatal, mentres que a importancia relativa do número de investigadores empregados en I+D foi do 4,5% dos investigadores en España (5.191 investigadores en Galicia). Nese ano había en Galicia un total de 6,5 persoas ocupadas nestas actividades por cada mil activos fronte ás 8,8 persoas por cada mil activos de media no conxunto do Estado.

Tendo en conta a medra do gasto interno en I+D e o descenso nun 11,3% do número de investigadores (medra en España un 5,5%), o gasto medio en I+D por investigador, aumenta un 25% respecto ao ano anterior. En 2006, o gasto por investigador ascendeu a 86.594,75 euros, o 84,9% da media estatal, cando no ano anterior esta porcentaxe era do 74,5%.

No último ano o sector público acolleu o 63,5% do persoal empregado nestas actividades, cando no conxunto do Estado a súa importancia relativa ascendía ao 55,8%. Tal como reflicte o **cadro 4.2.6.**, respecto aos datos de 2005, tanto en Galicia coma en España desce o peso relativo do sector público no emprego total.

O investimento da Xunta de Galicia presupostado no seu programa de Investigación científica, técnica e aplicada ascendeu en 2007 a 119.297,1 miles de euros, o que supón un incremento do 22,5% respecto ao ano anterior. Dese importe, 85.546,3 miles de euros corresponden ao programa 561 "Plan galego de investigación, desenvolvemento e inno-

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

**Importancia relativa dos gastos internos totais e persoal en I+D nas CC.AA.
2005-06**

	2005		2006	
	Gastos internos / PIB (1) (%)	Persoal en I+D / 1.000 activos (2)	Gastos internos / PIB (1) (%)	Persoal en I+D / 1.000 activos (2)
Andalucía	0,83	5,5	0,89	5,9
Aragón	0,79	8,8	0,88	9,6
Asturias	0,71	6,0	0,90	6,4
Baleares	0,27	2,5	0,29	2,6
Canarias	0,58	4,7	0,64	4,9
Cantabria	0,45	4,0	0,80	6,0
Castela e León	0,90	7,6	0,98	8,1
Castela-A Mancha	0,41	2,6	0,46	2,6
Cataluña	1,35	10,7	1,42	11,2
C. Valenciana	0,98	6,8	0,96	6,7
Extremadura	0,68	3,4	0,73	3,9
Galicia	0,87	6,8	0,89	6,5
Madrid	1,82	14,5	1,99	15,1
Murcia	0,72	6,8	0,75	7,8
Navarra	1,68	15,4	1,92	17,6
País Vasco	1,48	12,7	1,58	13,0
A Rioxa	0,66	5,9	1,05	6,5
Ceuta e Melilla	0,13	1,0	0,19	1,5
Total	1,12	8,4	1,20	8,8

(1) PIB a prezos de mercado, prezos correntes

(2) Persoal en equivalencia a xornada completa

Fonte: INE, *Estadística sobre actividades de I+D*

4.2.4.

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.

Gasto interno en I+D nas CC.AA. 2006: distribución segundo sector

	Total	Sector privado (1)		Sector Público (2)	
	(en miles de €)	(en miles de €)	(% sobre total)	(en miles de €)	(% sobre total)
Andalucía	1.213.816	403.387	33,2	810.429	66,8
Aragón	263.428	152.632	57,9	110.796	42,1
Asturias	188.113	88.199	46,9	99.914	53,1
Baleares	70.655	13.449	19,0	57.206	81,0
Canarias	254.510	66.342	26,1	188.168	73,9
Cantabria	98.100	33.696	34,3	64.404	65,7
Castela e León	511.334	286.890	56,1	224.444	43,9
Castela-A Mancha	155.704	75.868	48,7	79.836	51,3
Cataluña	2.614.383	1.704.962	65,2	909.421	34,8
C. Valenciana	913.161	348.610	38,2	564.551	61,8
Extremadura	117.288	21.215	18,1	96.073	81,9
Galicia	449.522	198.290	44,1	251.232	55,9
Madrid	3.415.991	2.083.220	61,0	1.332.771	39,0
Murcia	192.516	84.058	43,7	108.458	56,3
Navarra	316.978	214.851	67,8	102.127	32,2
País Vasco	959.393	752.245	78,4	207.148	21,6
A Rioxa	75.127	50.447	67,1	24.680	32,9
Ceuta e Melilla	5.202	295	5,7	4.907	94,3
Total	11.815.221	6.578.656	55,7	5.236.565	44,3



(1) Inclúe empresas e Institucións privadas sen fin de lucro

(2) Inclúe Administración e Ensino Superior

Fonte: INE, *Estadística sobre actividades de I+D*

4.2.5.

Gasto interno e persoal empregado nas actividades de I+D en Galicia e España 2001-06: distribución segundo sector



Fonte: INE, Estadística sobre actividades de I+D

4.2.6.

vación tecnolóxica” (17.400,1 miles de euros máis que en 2006) e 33.746,8 miles de euros, ao programa 561 “Investigación universitaria”.

O deseño, planificación e financiamento da innovación e a investigación nos sectores produtivos, favorecido pola Administración autonómica galega, atópase distribuído entre catro consellerías: Innovación e Industria; Medio Rural; Pesca e Asuntos Marítimos; e finalmente, Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Esta actuación en materia de I+DT complétase coas actuacións do Igaape neste ámbito.

Xunto ao financiamento do Plan galego existen fondos provenientes doutras fontes, como o Plan estatal, a UE, outras institucións públicas ou privadas e empresas.

O Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI), axencia xestora de recursos crediticios destinados ao financiamento de proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación entre empresas españolas, concedeu créditos para 15 proxectos en Galicia (o 1,4% dos proxectos no conxunto do Estado). Segundo os datos recollidos no **cadro 4.2.9.**, o investimento total destes proxectos en Galicia medrou de xeito considerable, acadando os 14,2 millóns de euros, cunha achega do CDTI, en forma de créditos sen

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

Persoal empregado nas actividades de I+D nas CC.AA. 2006: distribución segundo sector

	Total		Sector privado (1)		Sector Público (2)	
	Total	Investigadores	Total	Investigadores	Total	Investigadores
Andalucía	21.009	12.624	5.987	2.472	15.022	10.151
Aragón	5.886	3.924	2.467	1.054	3.419	2.870
Asturias	2.990	1.886	1.139	532	1.851	1.354
Baleares	1.354	983	274	107	1.080	876
Canarias	4.836	3.188	759	272	4.077	2.915
Cantabria	1.601	1.122	626	377	976	745
Castela e León	9.219	6.066	3.463	1.759	5.756	4.307
Castela-A Mancha	2.269	1.310	905	369	1.364	941
Cataluña	40.867	24.477	21.766	10.345	19.101	14.132
C. Valenciana	15.722	9.386	5.817	2.512	9.905	6.874
Extremadura	1.808	1.233	356	168	1.452	1.066
Galicia	8.281	5.191	3.021	1.238	5.260	3.953
Madrid	48.036	28.100	22.122	11.487	25.914	16.613
Murcia	5.032	3.704	1.208	540	3.824	3.164
Navarra	5.277	3.374	2.891	1.366	2.386	2.008
País Vasco	13.714	8.629	10.061	5.495	3.652	3.134
A Rioxa	993	525	570	197	422	328
Ceuta e Melilla	84	78	8	3	76	75
Total	188.978	115.798	83.440	40.293	105.537	75.506

(1) Inclúe empresas e Institucións privadas sen fin de lucro

(2) Inclúe Administración e Ensino Superior

Fonte: INE, *Estadística sobre actividades de I+D*

4.2.7.

Presuposto de gastos da Xunta de Galicia en investigación, desenvolvemento e innovación 2006-07

	2006	2007	07/06
	(en miles de €)		(%)
561A Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica (1)	68.150,2	85.550,3	25,5
Innovación e Industria	56.235,5	67.710,7	20,4
Medio Rural	5.970,0	9.254,0	55,0
Pesca e Asuntos Marítimos	4.174,7	6.770,6	62,2
Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	1.770,1	1.815,0	2,5
561B Investigación universitaria (2)	29.241,2	33.746,8	15,4
Innovación e Industria	29.241,2	33.746,8	15,4
56.- Investigación científica, técnica e aplicada (3)	97.391,5	119.297,1	22,5

(1) Nos presupostos de 2006 corresponde ao programa 432A Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico

(2) Nos presupostos de 2006 corresponde ao programa 432B Investigación universitaria

(3) Nos presupostos de 2006, corresponde ao programa 43.- Investigación científica, técnica e aplicada

Fonte: Xunta, *Presupostos xerais da C.A.*

4.2.8.

xuro, por 8,1 millóns de euros. Tras este descenso do número de proxectos, o presuposto total e a achega pública descenderon en máis dun 50%, mentres que no conxunto do Estado, o presuposto total medrou un 20,2% e a achega pública, un 17,4%.

Dos 15 proxectos aprobados para o último ano, sete pertencen á área das tecnoloxías agrarias e medioambientais, seguidas polas tecnoloxías da produción, con cinco. En termos orzamentarios, estes doce proxectos acollen case o 85% do financiamento directo (5,1 e 6,8 millóns de euros, respectivamente).

• Propiedade industrial

O número de solicitudes de invención (patentes vía estatal e modelos de utilidade) rexistradas en Galicia volveu a descender en 2007. Neste último ano, rexistráronse 222 solicitudes, vinte e dous menos que no ano precedente, polo que a actividade inventiva, medida a través da ratio de solicitudes de invencións/ millón de habitantes, caeu ata as 80,1 solicitudes. Comparado co conxunto do Estado, Galicia acolle 3,9% das solicitudes

Proxectos aprobados polo CDTI nas CC.AA. 2006-07

	2006			2007		
	Proxectos	Achega CDTI	Presuposto total	Proxectos	Achega CDTI	Presuposto total
	<i>(en miles de €)</i>			<i>(en miles de €)</i>		
Andalucía	37	24.641,0	47.455,6	32	20.919,8	44.972,5
Aragón	61	35.488,0	65.917,0	57	33.203,4	63.651,4
Asturias	23	16.369,9	33.112,1	30	17.635,5	32.782,4
Baleares	3	851,7	1.514,9	5	2.981,1	6.585,7
Canarias	7	3.265,8	6.123,4	4	1.241,3	1.987,5
Cantabria	32	20.664,2	39.004,5	22	13.588,2	30.529,4
Castela-A Mancha	17	10.849,8	21.523,4	27	25.326,4	47.674,0
Castela e León	37	21.697,6	41.704,9	66	44.544,9	94.140,4
Cataluña	269	152.598,3	291.667,4	258	173.470,0	328.039,7
C. Valenciana	91	47.899,4	92.284,7	107	62.683,1	129.375,2
Estremadura	10	4.869,9	8.120,9	16	9.753,1	18.067,4
Galicia	22	16.648,9	30.069,1	15	8.070,7	14.185,7
A Rioxa	16	7.693,8	16.853,5	22	16.327,8	31.413,3
Madrid	126	95.702,9	179.084,8	155	113.758,1	209.161,2
Murcia	31	13.706,3	24.266,4	39	20.948,3	39.390,6
Navarra	91	54.494,7	100.937,4	91	54.468,0	112.341,8
País Vasco	143	77.277,3	145.160,6	134	91.100,5	172.037,7
Total	1.016	604.719,5	1.144.800,6	1.080	710.020,2	1.376.335,9

Fonte: Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI)

4.2.9.

(4,3% no ano anterior), situándose a actividade inventiva moi por baixo da media estatal, que medrou ata as 127,5 solicitudes por millón de habitantes.

O número de patentes estatais solicitadas –que conceden a explotación exclusiva unicamente no territorio español– en Galicia descendeu no último ano ata as 130, o que representa o 4% do total estatal. Tras unha caída de 15 solicitudes respecto aos datos de 2006, a comunidade autónoma presenta unha actividade creativa de 46,9 solicitudes por millón de habitantes, cando a media española foi de 71,8 solicitudes.

A pesar da redución do número de solicitudes realizadas polos residentes en España, en 2007 aumentaron as concesións ata as 80 patentes (o 3,5% do total estatal), das que vinte e tres corresponden á sección “necesidades correntes da vida” e vinte, á de “técnicas industriais diversas, transporte”. Comparado co total estatal, cómpre salientar que a importancia relativa das seccións “electricidade”, co 8,2%, e “necesidades correntes da vida”, co 4,5%.

Asemade, no último ano presentáronse once solicitudes de patentes europeas, o 2,3% do total estatal, e corenta e un solicitudes de ámbito mundial (PCT), o 4,1% das solicitudes no conxunto do Estado.

O número de solicitudes de modelos de utilidade descendeu en Galicia ata as 92, once menos que no ano anterior. Tras esta caída, a súa importancia relativa no conxunto do Estado acadou o 3,7% e a ratio solicitudes por cada millón de habitantes, as 33,2 solicitudes (55,8 no conxunto do Estado). As concesións de modelos de utilidade publicadas en Galicia en 2007 descendeu ata as 75 (o 3,2% das concesións publicadas en España), das que dúas seccións, necesidades correntes da vida e técnicas industriais diversas, transporte acollen o 60% das concesións galegas (56,4% no conxunto do Estado).

• Esfuerzo pola calidade

O número de certificacións de calidade e xestión medioambiental, indicador do nivel de competitividade dun país, continuou medrando de xeito importante en Galicia ao longo do ano 2006 (último dato dispoñible). Os datos presentados polo IGE indican que o número de empresas certificadas coa Norma ISO 9000 e coa ISO 14001 ascendeu a 2.815 e 579, respectivamente, en tanto que 95 empresas galegas posuían a certificación medioambiental (Norma EMAS).

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

Estatísticas da propiedade industrial nas CC.AA. 2007 ⁽¹⁾

	Solicitudes de patentes			Modelos de utilidade	Deseño industrial	Marcas	Nomes comerciais e rótulos de establecementos
	Vía nacional	Vía europea (2)	Patentes PCT (2)				
Andalucía	402	16	105	217	173	6.476	1.270
Aragón	163	8	24	96	30	1.472	298
Asturias	40	9	7	28	20	849	164
Baleares	40	5	17	32	36	1.242	222
Canarias	58	2	10	45	62	1.934	332
Cantabria	29	4	10	10	17	415	34
Castela-A Mancha	71	7	18	55	53	1.793	212
Castela e León	96	22	15	99	32	2.170	250
Cataluña	713	158	232	754	285	10.656	867
C. Valenciana	401	27	98	416	299	5.869	834
Extremadura	21	1	5	19	5	761	96
Galicia	130	11	41	92	71	2.890	308
Madrid	648	93	228	362	261	13.666	1.182
Murcia	68	1	25	83	57	1.505	204
Navarra	129	11	55	53	11	729	167
Pais Vasco	202	61	83	137	57	2.770	240
A Rioxa	31	2	7	21	14	563	57
Ceuta e Melilla	-	-	-	0	11	148	8
Non consta	2	4	-	1	3	1	1
Estranxeiros	-	43	13	-	-	-	-
Enviada a OMPI ou anulado	-	2	6	-	-	-	-
Total	3.244	487	999	2.520	1.497	55.909	6.746

(1) Avance de resultados

(2) Solicitudes de patentes de ámbito mundial (PCT) presentadas en España por CC.AA. de residencia
Fonte: Oficina Española de Patentes y Marcas

1.1. 4.2.10.

Certificacións de calidade e xestión medioambiental en Galicia 2003-06

	2003	2004	2005	2006
Certificación Norma ISO 9000				
Nº de empresas certificadas	1.439	2.022	2.481	2.815
Certificacións Galicia / España (%)	4,1	5,0	4,9	
Certificación Norma ISO 14000				
Nº de empresas certificadas	296	398	536	579
Certificacións Galicia / España (%)	5,9	6,1	5,9	
Certificación Norma EMAS				
Nº de empresas certificadas	12	27	62	95
Certificacións Galicia / España (%)	2,8	5,1	9,6	

Fonte: JGE

1.2. 4.2.11.

Segundo as empresas analizadas por Ardán, o 36,1% das empresas con certificación de calidade o medioambiental pertencían ao grupo de fabricantes, onde salientan as empresas de construción e reparación de buques, as de carpintería metálica, a fabricación de artigos plásticos diversos, a fabricación de estruturas de metal e os prefabricados de formigón. Séguelle en importancia as actividades da construción, co 18,5%, destacando os subsectores de contratistas xerais, as instalacións eléctricas ou as construción pesadas.

1.3. 1.4. 1.5. 1.6. 2.1. 2.2. 2.3. 3.1. 3.2. 3.3. 3.4. 3.5. 3.6. 4.1. 4.2. Indicadores de alta tecnoloxía

A proporción de persoas empregadas en sectores de alta e media alta tecnoloxía sobre o total de ocupados en Galicia en 2006 (último dato dispoñible) ascende a 6,2%, un punto e unha décima por baixo da importancia relativa media no conxunto do Estado.

O valor engadido bruto xerado polos 1.242 establecementos englobados dentro dos sectores manufactureiros de alta e media tecnoloxía, oito máis que no ano anterior, expe-

Indicadores de alta tecnoloxía en Galicia e España 2005-06

2005

	Galicia				España			
	Establece- mentos	Cifra de negocios	Valor engadido	Ocupados	Establece- mentos	Cifra de negocios	Valor engadido	Ocupados
	(en miles de €)		(en miles de persoas)		(en miles de €)		(en miles de persoas)	
Sectores manufactureiros de tecnoloxía alta e media alta	1.234	8.950.051	1.735.396	54,3	23.052	163.657.427	37.789.560	887,0
Tecnoloxía alta	212	976.610	226.288	4,3	4.773	24.359.820	6.778.210	173,6
Tecnoloxía media-alta	1.022	7.973.441	1.509.108	50,0	18.279	139.297.607	31.011.350	713,4
Servizos de alta tecnoloxía	1.582	548.515		19,9	37.087	60.321.315	28.748.113	512,3
Total sectores de alta e media alta tecnoloxía	2.816	9.498.566		74,2	60.139	223.978.742	66.537.673	1.399,3

2006

	Galicia				España			
	Establece- mentos	Cifra de negocios	Valor engadido	Ocupados	Establece- mentos	Cifra de negocios	Valor engadido	Ocupados
	(en miles de €)		(en miles de persoas)		(en miles de €)		(en miles de persoas)	
Sectores manufactureiros de tecnoloxía alta e media alta	1.242	10.622.793	2.058.114	51,1	22.953	180.356.215	40.862.218	912,7
Tecnoloxía alta	218	1.051.423	255.014	7,2	4.651	28.167.399	7.417.254	179,9
Tecnoloxía media-alta	1.024	9.571.370	1.803.100	43,9	18.302	152.188.816	33.444.964	732,8
Servizos de alta tecnoloxía				20,8	39.362	64.260.983	30.877.216	536,4
Total sectores de alta e media alta tecnoloxía				71,9	62.315	244.617.198	71.739.434	1.449,1

Fonte: INE, Indicadores de alta tecnoloxía

4.2.12.

Balanza comercial de produtos de alta e media-alta tecnoloxía en Galicia 2005-06

	Importacións/ introducións			Exportacións/ expedicións		
	2005	2006	06/05	2005	2006	06/05
	(en miles de euros)		(%)	(en miles de euros)		(%)
Total tecnoloxía alta	529,4	539,3	1,9	168,3	173,2	2,9
Aeronaves e naves espaciais	29,8	4,1	-86,1	2,9	5,3	82,5
Máquinas de oficina e equipos informáticos	15,5	18,9	22,2	8,2	7,5	-8,1
Material electrónico; aparellos de radio, televisión e comunicacións	38,5	46,9	21,8	70,1	44,2	-37,0
Produtos farmacéuticos	406,0	411,2	1,3	78,0	105,7	35,5
Equipos e instrumentos médico-cirúrxicos e de precisión	39,5	58,1	47,2	9,2	10,6	14,3
Total tecnoloxía medio alta	3.853,1	4.519,3	17,3	4.907,8	5.949,7	21,2
Vehículos de motor	2.859,0	3.213,1	12,4	4.180,1	4.930,8	18,0
Maquinaria e material eléctrico	178,4	339,3	90,2	279,7	507,4	81,4
Produtos químicos, agás os farmacéuticos	395,2	449,1	13,7	240,9	257,9	7,1
Outro material de transporte terrestre	10,3	16,5	59,8	7,4	8,4	12,7
Maquinaria e equipo mecánico	410,2	501,3	22,2	199,7	245,2	22,8
Sectores alta e media alta tecnoloxía	4.382,5	5.058,6	15,4	5.076,1	6.122,9	20,6
Total	13.757,2	15.643,6	13,7	12.162,7	14.620,0	20,2

Fonte: IGE

4.2.13.

Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI) 2007-2010

O 30 de marzo de 2007 o Parlamento Galego aprobou este Plano estratéxico no que se definen as políticas que os distintos departamentos da Administración galega están a desenvolver no eido da sociedade da información.

Obxectivos estratéxicos:

- Crecemento e emprego: Apostar polo crecemento e o emprego, potenciando a aplicación das TIC como medio para construír una economía baseada no capital intelectual e no coñecemento.
- Liderado: Identificar e por en valor liderados efectivos nesta materia co obxectivo de definir, desenvolver e consolidar actividades innovadoras de carácter participativo no desenvolvemento tecnolóxico.
- Cohesión social e territorial: Vertebrar territorial e socialmente Galicia a través da creación de condicións de acceso igualitario ás oportunidades derivadas da Sociedade da Información.
- Identidade Cultural: Garantir a presenza da identidade cultural galega na Sociedade da Información, conformando unha oferta de servizos e contidos nas plataformas converxentes que impulsen os niveis de uso.

O Plano estrutúrase en oito **estratexias operativas**, que se poden agrupar en tres categorías segundo o seu ámbito de actuación:

- As **transversais**, que interveñen sobre os factores presentes en todos os campos de influencia do PEGSI.

1. Infraestruturas para a Sociedade da Información.
2. Interoperatividade, seguridade e coñecemento aberto.
3. Contidos e servizos.

- As **sectoriais**, dirixidas especificamente aos catro colectivos nos que se ten segmentado a Sociedade da Información -empresas do sector das TIC, tecido empresarial e produtivo, sector público e cidadanía e sociedade en xeral- co gallo de implementar medidas específicas para cada un deles.

4. Desenvolvemento do sector empresarial da SI.
5. Aplicación das TIC polo tecido empresarial.
6. Servizos públicos de calidade.
7. Inclusión e sostibilidade.

- As **instrumentais**, que desenvolven as medidas encamiñadas a dotar á Administración dos instrumentos que aseguren o cumprimento dos seus obxectivos.

8. Instrumentos para a xestión das políticas públicas da Sociedade da Información.

1.1.
1.2.
1.3.
1.4.
1.5.
1.6.
2.1.
2.2.
2.3.
3.1.
3.2.
3.3.
3.4.
3.5.
3.6.
4.1.
4.2.

rimentou unha medra do 18,6% respecto a 2005, situándose nos 2.058,1 millóns de euros. Tendo en conta que no conxunto do Estado o VEB xerado nas industrias manufactureiras de alta e media tecnoloxía medrou un 8,1%, o peso relativo do VEB xerado en Galicia por estas empresas ascende ao 5%, catro décimas máis que no ano anterior.

- **Comercio exterior**

A actividade comercial galega de produtos de alta e media-alta tecnoloxía medrou ao longo do ano 2006 (último dato dispoñible) un 18,2% respecto ao ano anterior, mellorando o seu saldo positivo da balanza comercial dende os 693,7 millóns de euros de 2005 ata os 1.064,3 millóns de euros do 2006.

O valor total das importacións destes produtos, tras unha medra do 15,4%, ascendeu a 5.058,6 millóns de euros, preto dun terzo do valor total das importacións galegas, en tanto que as exportacións acadaron os 6.122,9 millóns de euros, un 20,6% por riba do importe de 2005.

Atendendo á desagregación segundo sectores OCDE, cómpre salientar a importancia do sector de vehículos de motor, que representa o 63,5% das importacións e o 80,5% das exportacións de produtos de alta e media-alta tecnoloxía ■

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.